



EXPEDIENTE

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona , con DNI

en nome e representación da entidade

con domicilio social en

e CIF nº para os efectos da tramitación dunha solicitude de axuda ao abeiro da orde de 2008, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para o 2008.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1º.- Que a dita entidade non incorre nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, de prohibición da obtención da condición de beneficiario.

2º.- Que nesta data se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non ten débedas coa facenda da Xunta de Galicia, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

Para que conste e para os efectos oportunos asina esta declaración en

_____, de _____ de _____

Asdo.:

Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas, e se convocan estas axudas para o exercicio de 2008.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1º, de acordo co 149.1º, 7º da Constitución española, recolle como competencia propia desta comunidade autónoma a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral, asumíndose os servizos e funcións inherentes a través do Decreto 117/1982, do 5 de outubro, en materia de traballo e o Decreto 168/1984, do 15 de novembro, relativo á unidade administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo.

Na orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 5 de outubro de 1994 regúlase a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social de persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

A dita norma adecúa a regulación destas axudas consonte as causas de extinción de contratos de traballo previstas nos artigos 51 e 52.c) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

No Decreto 106/1994, do 21 de abril, establécese o réxime xeral das axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo que poderá conceder a Consellería de Traballo ao que se axustarán as ordes anuais da convocatoria delas, baixo os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvol-

ve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento de normas de carácter permanente, así como a súa convocatoria, para o exercicio 2008, do programa de axudas previsto no Decreto 106/1994, do 21 de abril, e na orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 5 de outubro de 1994 (BOE nº 253, do 22 de outubro) sobre axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

2. As subvencións reguladas pola antedita orde teñen por obxecto facilitar unha cobertura económica ás persoas traballadoras afectadas por procesos de extinción de relacións de traballo, por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sempre que cumpran os requisitos e condicións nela exixidos, en tanto non accedan á situación de xubilación, na súa modalidade contributiva, no sistema da Seguridade Social.

3. A solicitude, tramitación e concesión de axudas desta orde axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Á parte das axudas amparadas por esta convocatoria que, segundo o especificado no artigo 5º, lle corresponde achegar á Comunidade Autónoma de Galicia imputaranse á aplicación orzamentaria e código de proxecto que anualmente se designe na correspondente convocatoria, que para o exercicio de 2008 serán de aplicación orzamentaria 16.04.470.0, do programa 324A Administración das relacións laborais, código de proxecto 200700910, e financiaranse con cargo á consignación de créditos que, como consecuencia da distribución territorial anual, efectúe a Administración do Estado para o citado programa de axudas.

5. O procedemento de concesión será o descrito no artigo 7º desta orde, sen que sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, de acordo co previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007.

Artigo 2º -*Requisitos das beneficiarias.*

Poderán acollerse a este tipo de axudas as empresas, persoas físicas ou xurídicas, afectadas por procesos de reestruturación producidos por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, previstas nos artigos 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores, para aquelas persoas que, afectadas polos ditos procesos, vexan extinguida a súa relación de traballo, logo da conformidade expresa e individual de cada unha delas, sempre que estas, ao acadar a idade ordinaria para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva, no réxime da Seguridade Social de encadramento, teñan ou puidesen ter cuberto o período de cotización exixido para causar dereito á citada pensión de xubilación no dito réxime, e estean en alta ou situación asimilada nel, e teñan 60 anos de idade, real ou teórica, por aplicación dos coeficientes reductores da idade, como mínimo, cando accedan ao sistema destas axudas.

Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas empresas nas que concorran algunha das circunstancias a que se refire o artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, extremo que poderá acreditarse por calquera dos medios previstos no parágrafo 7º do citado artigo.

Artigo 3º -*Contía da axuda.*

1. A contía da axuda previa á xubilación ordinaria que percibirá a persoa traballadora será o 75% do resultado de dividir entre sete a suma das bases de cotización de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, excluídas as horas extraordinarias, correspondentes aos seis meses anteriores á data de efectividade da axuda, sen que, en ningún caso, poidan superar a pensión máxima establecida no réxime xeral da Seguridade Social para o ano que teña lugar a dita efectividade.

2. Esta axuda só poderá percibirse ata un máximo de cinco anos. A contía da axuda correspondente ao primeiro ano de percepción será a que resulte de aplicar o disposto no número anterior. Para o segundo e sucesivos anos, a dita contía incrementarase acumulativamente de acordo coas previsións de incremento do índice de prezos ao consumo do ano en que teña efectividade. Non obstante, as empresas poderán acordar cos seus traballadores e traballadoras complementos adicionais sobre a referida contía, sempre que o exceso resultante desta sexa aboado integramente por aquelas, podendo solicitar que estes complementos sexan capitalizados conxuntamente coas axudas e, neste caso, serán aboados pola entidade xestora correspondente.

3. Ademais destas axudas á persoa traballadora o importe que se vai financiar incluírá as cotizacións á Seguridade Social que se recollen no artigo seguinte.

Artigo 4º.-*Situación do traballador ou traballadora e cotización á Seguridade Social.*

De acordo co disposto no artigo 2 da citada orde ministerial, durante o período de percepción da axuda, a persoa beneficiaria será considerada en situación asimilada á alta no correspondente réxime da Seguridade Social, para os efectos de continuar cotizando polo tipo correspondente a continxencias comúns establecido para o ano de efectividade da axuda. A base inicial de cotización do período determinarase tomando a media das últimas seis bases cotizadas por continxencias comúns anteriores á data na que deba comezar a percibir a axuda. Cando se trate de persoas encadradas nun réxime especial da Seguridade Social no que se cotice para a continxencia de xubilación por unha base diferente á de continxencias comúns tomarase como referencia a media das bases correspondentes á citada continxencia pola que se cotizou.

A base de cotización obtida actualizarase acumulativamente a partir do segundo ano de percepción na porcentaxe de incremento que se fixe para a actualización da axuda, sen que, en ningún caso, fose superior á base máxima vixente en cada momento para o grupo da categoría profesional de que se trate.

Cando os traballadores e traballadoras accedan ao sistema de axudas despois dun período de desemprego, a base de cotización inicial actualizarase tendo en conta a evolución que experimentaran as bases máximas de cotización do réxime xeral da Seguridade Social durante aquel período.

Artigo 5º.-*Financiamento.*

O financiamento destas axudas, así como as correspondentes cotizacións á Seguridade Social, corresponderalle nun 60% á empresa solicitante, e o 40% restante con cargo á aplicación orzamentaria correspondente da Consellería de Traballo.

O crédito que se estableza inicialmente cada ano poderá ser obxecto de modificacións, segundo o establecido no artigo 31.2º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de subvencións do ámbito laboral, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

A participación da empresa poderá superar a porcentaxe antes indicada, sempre que exista conformidade previa dela.

CAPÍTULO II PROCEDEMENTO

Artigo 6º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes de axuda serán formalizadas polas empresas en instancia individualizada, segundo o modelo oficial que se xunta como anexo I a esta orde, e presentaranse nos rexistros das respectivas

delegacións provinciais da Consellería de Traballo atendendo ao lugar onde radique o seu centro de traballo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

As axudas desta orde solicitaranse nos catro meses seguintes á data na que se aprobe o expediente de regulación de emprego, no suposto a) do punto seguinte, ou da data efectiva do despedimento, no suposto b) do punto seguinte, tendo en conta, en todo caso, que a data límite para cada exercicio orzamentario será a do 15 de outubro de cada ano.

No suposto de que a autorización do expediente de regulación de emprego ou a data efectiva do despedimento sexan anteriores á entrada en vigor desta orde estas axudas solicitaranse nos catro meses seguintes á referida entrada en vigor e, en todo caso, ata a data límite do 15 de outubro.

No caso de procedementos de regulación de emprego autorizados pola autoridade laboral nos que se demore o inicio da percepción da axuda, ben porque no momento da autorización do expediente de regulación de emprego as persoas traballadoras non teñan 60 anos de idade, ou ben porque se acorde que estas vaian esgotar a prestación por desemprego, a empresa ratificará novamente a petición da axuda durante o período dos seis meses anteriores á data na que a axuda deba iniciarse, comunicando, así mesmo, a data exacta de esgotamento da prestación por desemprego, remitindo ademais a totalidade da documentación exixida neste artigo.

Nos supostos previstos no artigo 52 c) do Estatuto dos traballadores, cando os traballadores e traballadoras pasen por un período de desemprego despois do despedimento, a empresa deberá de proceder de igual maneira ca no parágrafo anterior.

2. Á solicitude deberase xuntar a seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia autenticada, cotexada ou mediante o seu cotexo polo órgano que a teña no seu poder, consonte a lexislación vixente:

a) Nos supostos dos despedimentos colectivos regulados polo artigo 51 do Estatuto dos traballadores, a que sexa requirida en cada caso, a teor do disposto no Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de regulación de emprego para a aplicación do Estatuto dos traballadores, para acreditar a existencia de causa económica, técnica, organizativa ou de produción, e que figura no anexo I desta orde.

b) Nos supostos previstos no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores acreditarase de forma que faga fe o cumprimento dos requisitos previstos na letra a) e c) do artigo 53.1º do dito texto legal, aos que se xuntará:

-Acordo adoptado entre a empresa e os representantes legais do traballador ou traballadora afecta-

dos pola medida, ou entre a empresa e as propias persoas interesadas, no caso de non existir a referida representación legal, no que deberá constar o compromiso da empresa de financiamento do custo da axuda, ao seu cargo, na forma e prazos establecidos legalmente.

-Acreditación de forma que faga fe do consentimento do traballador ou traballadora de se acoller a esta e cesar a súa relación laboral na empresa, dándose por integrados neste acordo os documentos que se requiren con carácter xeral nos parágrafos d) e e) seguintes.

c) Relación das persoas traballadoras para as que se solicitan as axudas, indicando con claridade as súas circunstancias persoais e laborais, número de afiliación á Seguridade Social e documento nacional de identidade.

d) Documento no que se acredite a conformidade individualizada das persoas afectadas, de se acoller a estas axudas.

e) Documento no que se recolla o compromiso da empresa de realizar a súa achega ao financiamento destas axudas, na forma e prazos que se establecen no artigo 9 desta orde.

f) Documento no que se recolla o compromiso da empresa de anticiparlles aos traballadores e traballadoras as axudas previas á xubilación ordinaria que lles fosen recoñecidas se, transcorridos tres meses desde a súa concesión, non se fixesen efectivas por causas imputables a ela, podendo resarcirse esta das cantidades anticipadas, logo da acreditación delas, no momento de efectuar a súa achega.

g) Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na que consten os extremos seguintes:

-Que o traballador ou traballadora se encontre en alta ou en situación asimilada á alta no momento da solicitude da axuda.

-Que o traballador ou traballadora para os que se solicita a axuda teña cuberto o período de cotización establecido para ter dereito á pensión de xubilación ordinaria, computando tamén o período que puidese transcorrer desde a data da solicitude ata a data na que acade a idade ordinaria de xubilación.

Á dita certificación xuntaranse os boletíns TC/1 e TC/2 de cotización á Seguridade Social correspondentes aos seis meses anteriores á data na que deba comezar a percibir a axuda o traballador ou traballadora.

h) Certificación do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña, sobre bonificación de idade que corresponda, se é o caso.

i) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas para a mesma prestación, das distintas administracións públicas competentes, xa que existe compatibilidade con

estas, para os efectos do cálculo das contías totais, segundo o establecido no artigo 9 desta orde.

l) Xustificación de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. Non obstante, de acordo co establecido no terceiro parágrafo do artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os anteditos xustificantes.

m) Así mesmo, en cumprimento do establecido no artigo 2 desta orde, deberase acreditar que, nin a empresa, nin os seus representantes, están incurso nas circunstancias a que se refire o artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta acreditación poderá efectuarse por calquera dos medios previstos no parágrafo 7º do citado artigo.

n) De xeito excepcional o instrutor do expediente poderá requirir outra documentación que considere esencial para a avaliación e resolución das axudas.

3. De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo.

Artigo 7º.-*Instrución.*

1. O Servizo de Relacións Laborais da delegación provincial da Consellería de Traballo correspondente procederá a comprobar se a solicitude e a documentación presentada reúne os requisitos exixidos

nos artigos anteriores. De apreciarse algún defecto nesta documentación, ou se estivese incompleta, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o citado órgano instructor requirirá o solicitante para que, nun prazo de dez días, efectúe as correccións oportunas ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

2. Ás solicitudes presentadas, para os efectos de control da existencia de crédito suficiente, outorgáraselles, por rigorosa orde de entrada, un número correlativo a nivel de toda a comunidade autónoma, motivo polo que as delegacións provinciais deberán solicitar dos servizos centrais o outorgamento deste número.

3. Os expedientes, segundo o referido número correlativo, iranse atendendo sucesivamente en tanto non se esgoten as dispoñibilidades orzamentarias existentes.

4. Unha vez formaliza a instrución dos expedientes, a persoa titular da delegación provincial correspondente, elevará á persoa titular da Consellería de Traballo, ou á persoa en quen esta teña delegada a súa competencia, unha proposta motivada de concesión ou denegación aos solicitantes, contendo, no caso da concesión, o importe económico outorgado.

Artigo 8º.-Resolución.

A resolución das axudas, logo da proposta antes indicada e da fiscalización da Intervención Delegada da consellería, corresponderalle por delegación do/a conselleiro/a de Traballo, á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

O prazo máximo para resolver e notificar será de 3 meses a partir do remate do prazo establecido para presentar solicitudes, de acordo co establecido no artigo 42.2º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que fosen consignados os correspondentes créditos pola Administración central do Estado. Transcorrido o prazo para resolver o procedemento sen que se dite resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención.

Segundo o establecido no artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os beneficiarios terán un prazo de dez días, desde a data da notificación da resolución, para rexeitar a subvención outorgada.

Non obstante, dada a natureza e as canles de financiamento deste tipo de axudas, con carácter excepcional e motivadamente poderán ditarse resolucións fóra do prazo legal que se di no parágrafo precedente, de conformidade co establecido no artigo 12.2º do Decreto 106/1994, do 21 de abril.

A dita resolución poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 9º.-Forma de ingreso con cargo á empresa e á Administración pública.

Dos custos totais das axudas e as correspondentes cotizacións á Seguridade Social que lles correspondan aos traballadores e traballadoras, o 40% será financiado pola Consellería de Traballo, e serán libradas por unha soa vez poñendo á disposición da Tesouraría Xeral da Seguridade Social os fondos públicos necesarios para o seu aboamento.

O 60% restante correrá por conta da empresa solicitante, podendo efectuar o ingreso da súa achega en tantas anualidades como anos permanezan as persoas traballadoras percibindo as axudas, cun máximo de cinco. Non entanto, poderá optar por realizar un único pagamento se así o manifesta por escrito á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, debendo efectuar o ingreso que lle corresponda con carácter previo á resolución de concesión das axudas.

De acollerse ao financiamento por anualidades, o ingreso correspondente á primeira delas deberá realizarse con carácter previo á resolución de concesión das axudas, presentando garantías suficientes en dereito, a xuízo da Tesouraría Xeral de Seguridade Social, de acordo co previsto no artigo 10 da reiterada orde ministerial, para responder do pagamento das obrigas pendentes. A validez destas garantías estenderase desde que as persoas traballadoras deban comezar a percibir as axudas ata un ano despois do vencemento da anualidade que se garanta, como mínimo. De prestarse a garantía mediante aval utilizaríase o modelo que figura no anexo II.

O prazo para o aboamento das anualidades restantes será o dos trinta días naturais inmediatamente anteriores á iniciación da anualidade de que se trate.

O incumprimento por parte da empresa das obrigas contraídas no financiamento de axudas desta clase concedidas con anterioridade poderá motivar a denegación de novas axudas.

Previo ao pagamento da axuda, ademais das garantías previstas nesta orde, a entidade beneficiaria deberá acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

Así mesmo, presentará unha declaración xurada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións

públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para os efectos de que, en ningún caso, o importe das axudas concedidas, ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, supere o custo total obxecto da actividade subvencionada.

Por outra banda, neste mesmo sentido e segundo o establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007, as empresas deberanlle comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión desta axuda no momento en que se coñezan.

Disposicións adicionais

Primeira.-Esta orde será de aplicación permanente e as axudas terán como límite global o crédito asignado a esta comunidade autónoma, para cada exercicio, na distribución territorial anual da Administración central do Estado, correspondente ás axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior e no artigo 5 desta orde, o conselleiro/a de Traballo poderá propoñer a concesión de axudas extraordinarias como medida de apoio ás reguladas nesta orde, ao abeiro do previsto no artigo 44 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, naqueles supostos de empresas galegas con problemas económicos e sociolaborais por excedentes de cadro de persoal que, polo seu obxecto, se consideren de interese social, e sempre que estas acrediten mediante un plan de viabilidade a súa permanencia no mercado.

Segunda.-Segundo o establecido no artigo 14.1º m) da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-No caso de que o beneficiario da axuda incumpra algunha das condicións ou obrigas estipuladas nesta orde ou incorra nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo procederá ao reintegro total ou parcial da subvención concedida e solicitará a devolución das cantidades percibidas e os correspondentes xuros de demora, segundo o establecido na referida lei.

Igualmente extinguiranse estas axudas polas causas previstas no artigo 6 e consonte o procedemento

fixado no artigo 9 da citada Orde ministerial do 5 de outubro de 1994.

Cuarta.-Os/as titulares das delegacións provinciais da Consellería de Traballo poderán requirir en todo momento a documentación orixinal que consideren necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas, sempre que esta non se atopase xa en poder da Administración.

Quinta.-A beneficiaria quedará sometida ás actuacións de comprobación que acorde a Consellería de Traballo e ás de control financeiro que lle corresponde á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Para tal efecto a beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.-En todo o non disposto nesta orde, aplicárase de forma supletoria o establecido na Orde ministerial do 5 de outubro de 1994, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

Sétima.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas súas beneficiarias, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Oitava.-Para o exercicio de 2008 a aplicación orzamentaria será a 16.04.324A.470.0, código de proxecto 200700910, cunha dotación inicial de 911.421,61 €, e código de proxecto 200300554, por un importe de 52.498,71 €, o que supón un importe total inicial de 963.920,32 €.

Novena.-Para o exercicio de 2008 o prazo de presentación de solicitudes rematará o 15 de outubro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para que dite, no ámbito da súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde, así como para a súa convocatoria anual.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PREVIAS Á XUBILACIÓN ORDINARIA NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL A PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR PROCESOS DE REESTRUTURACIÓN DE EMPRESAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR821A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
	EN CALIDADE DE	

DATOS DA EMPRESA

EMPRESA	DEDICADA A	
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

1º.- De conformidade co disposto no Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo,

SOLICITA:

Axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a traballadores afectados por procesos de reestruturación de empresas, ao abeiro do:

Artigo 51 do Estatuto dos traballadores e Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos ordinarios de regulación de emprego e actuación administrativa en materia de traslados colectivos, pondo en coñecemento que o período de consultas aos representantes legais dos traballadores comezou o día e que lle foi comunicado a vostede por esta empresa en escrito do

Artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores.

2º.- A empresa réxese polo convenio colectivo do de , publicado no BOE DOG BOP do

3º.- Xúntase a esta solicitude toda a documentación requirida no artigo 6 desta orde, ademais dos documentos que con carácter preceptivo se sinalan a seguir:

- Documento acreditativo do inicio de consultas aos representantes legais dos traballadores de conformidade co preceptuado no artigo 10 do R.D. 696/1980 ou, se é o caso, do cumprimento do requisito que se establece no artigo 53.c) do Estatuto dos traballadores para os supostos dos expedientes tramitados ao abeiro do artigo 52.c) do ET.
- Memoria explicativa das razóns e xustificacións das causas motivadoras do expediente.
- Documentación acreditativa do estado e evolución da situación económica, financeira e patrimonial da empresa dos últimos tres anos.
- Informe relativo aos aspectos financeiro, produtivo, comercial e organizativo da empresa.
- Acta ou actas do período consultivo, se é o caso.
- En empresas de 50 ou máis traballadores, plan que prevexa as medidas adoptadas así como atenuar as súas consecuencias, no suposto de solicitarse o expediente ao abeiro do artigo 51 do ET.

ANEXO II

AVAL

A entidade , e no seu nome , con poderes suficientes para obrigarse neste acto segundo resulta da escritura de poderes outorgada o ante o notario de co número do seu protocolo avala a empresa de co número de código de conta de cotización á Seguridade Social, ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social de e a favor dela ata a cantidade de € (en letra €), en concepto de garantía especial para responder das obrigas asumidas pola dita empresa en relación coas axudas previas á xubilación ordinaria dos seus traballadores, concedidas por resolución da do ditada no expediente instruído co número .

Este aval formalízase coa renuncia expresa aos beneficios de excusión e división e terá validez desde ata (terá que poñerse como data un ano despois do vencemento da anualidade que se garanta) figurando inscrito no rexistro especial de avais co número con data .

Resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se lle dá publicidade á modificación do acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais, sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral, con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

De conformidade co acordado pola Comisión de Persoal da Xunta de Galicia, en reunión realizada o día 12 de xuño de 2008 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na comisión, sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Dar xeral coñecemento da modificación do Acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento de gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral, en base ao protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos tra-

balladores, así como para a execución afectiva das sentenzas condenatorias, que figura como anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2008.

José Vázquez Portomeñe
Secretario xeral da Consellería de Traballo

ANEXO

Modificación do acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais, sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral, con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

En Santiago de Compostela o doce de xuño de dous mil oito.

Dunha parte,

Ricardo Jacinto Varela Sánchez, conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia, nomeado para o cargo polo Decreto 213/2005, do 3 de agosto, en exercicio das facultades que ten atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

Doutra parte, os representantes das organizacións sindicais na Comisión de Persoal,

Manuel Gallardo Canitrot, en nome e representación da Confederación Intersindical Galega.